

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MAR**

RESOLUCIÓN do 3 de febreiro de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se convocan exames ordinarios teóricos e prácticos para a obtención das titulacións que habilitan para o goberno das embarcacións de lecer e motos náuticas na Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento PE616C).

A Orde da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos do 8 de xaneiro de 2009, pola que se establecen as condicións e se regulan os requisitos para a obtención dos títulos que habilitan para o goberno das embarcacións de lecer na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 11, do 16 de xaneiro) indica que a Dirección Xeral poderá convocar, con carácter anual, nos seus centros de ensino, as probas para obter os títulos que habilitan para o goberno das embarcacións de lecer e motos náuticas na Comunidade Autónoma de Galicia.

O Real decreto 259/2002, do 8 de marzo, polo que se actualizan as medidas de seguridade na utilización das motos náuticas (BOE núm. 61, do 12 de marzo), establece as medidas de seguridade das motos náuticas, regula as modalidades da súa utilización, as regras para a matriculación e os exames teóricos para obter o título de patrón/patroa de motonáutica.

O Real decreto 875/2014, do 10 de outubro, polo que se regulan as titulacións náuticas para o goberno das embarcacións de lecer (BOE núm. 247, do 11 de outubro), no que se regulan os títulos náuticos que habilitan para o goberno das embarcacións de lecer e motos náuticas, as atribucións, requisitos e o procedemento para a súa obtención.

O Real decreto 238/2019, do 5 de abril, polo que se establecen habilitacións anexas ás titulacións náuticas para o goberno das embarcacións de lecer e actualízanse as medidas de seguridade na utilización de motos náuticas.

Esta dirección xeral, no uso das facultades que lle confire o Decreto 39/2018, do 5 de abril, polo que se modifica o Decreto 168/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar (DOG núm. 78, do 23 de abril) resolve convocar os exames teóricos e prácticos ordinarios para a obtención dos títulos que habilitan para o goberno das embarcacións de lecer de patrón/patroa para navegación básica, patrón/pa-



troa de embarcacións de lecer, patrón/patroa de iate, capitán/capitá de iate, patrón/patroa de moto náutica A e patrón/patroa de moto náutica B, conforme as seguintes normas:

1. Obxecto.

O obxecto desta resolución é establecer os requisitos para acceder ás probas ordinarias teóricas e prácticas, así como fixar as datas e os lugares de realización das citadas probas para obter os títulos que habilitan para o goberno das embarcacións de lecer e motos náuticas na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

Para a presentación de solicitudes deberán empregarse os modelos normalizados correspondentes ao código do procedemento administrativo PE616C, que están dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>.

2. Normas xerais.

- Os exames teóricos e prácticos realizaranos os tribunais que se constitúan de conformidade co establecido no artigo 3 da Orde do 28 de novembro de 2007, pola que se regula a composición dos tribunais para a obtención de titulacións marítimo-pesqueiras e náutico-deportivas (DOG núm. 243, do 18 de decembro).

- As persoas que se presenten ao exame teórico complementario de patrón/patroa de embarcacións de lecer deben estar en posesión da tarxeta de patrón/patroa para navegación básica ou do certificado de exame expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia. Os posuidores do certificado de exame soamente terán dereito a examinarse nas dúas seguintes convocatorias consecutivas ordinarias. Para este efecto, no caso de matricularse nas convocatorias extraordinarias, estas serán computadas como ordinarias. Estas persoas soamente terán que examinarse das unidades teóricas 7, 8, 9, 10 e 11 e disporán dun tempo máximo de 45 minutos para realizar o exame.

- Ás persoas que se presenten ao exame para obter o título de patrón/patroa de embarcacións de lecer e non consigan superar a proba, pero si o fagan de acordo ás exixencias de patrón/patroa para navegación básica, recoñeceráselles o dito aprobado, ben para as seguintes convocatorias nesta Administración, ou ben para a expedición do título de patrón/patroa para navegación básica. Conservarán o aprobado perante un período máximo de dúas convocatorias consecutivas ordinarias nas que esta Administración realice os exames de patrón/patroa de embarcacións de lecer. Para este efecto, no caso de matricularse nas convocatorias extraordinarias, estas serán computadas como ordinarias.

- As persoas que se presenten ao exame de capitán/capitá de iate ou patrón/patroa de iate e superen algún dos módulos que conforman o exame teórico de acordo ao regulado



no Real decreto 875/2014, do 10 de outubro, conserváraselle o aprobado destes nas dúas seguintes convocatorias consecutivas ordinarias que convoque esta Administración. Para este efecto, no caso de matricularse nas convocatorias extraordinarias, estas serán computadas como ordinarias.

- No caso de non poder realizarse unha convocatoria de exame, as persoas matriculadas terán que solicitar a devolución da taxa e non poderán utilizala para a seguinte convocatoria.

3. Idade mínima.

O título de patrón/patroa para navegación básica poden obtelo os/as menores de idade que teñan cumpridos os 16 anos no momento de realización das probas, sempre que acrediten, mediante a presentación por escrito do consentimento dos seus pais, nais ou tutores/as legais e superen os requisitos teóricos e prácticos esixidos no Real decreto 875/2014, do 10 de outubro.

Para obter calquera das outras titulacións náuticas de lecer, os/as interesados/as deberán ter cumpridos os 18 anos de idade en momento no que se realicen as probas para a obtención destes títulos.

4. Solicitud.

As persoas interesadas para presentarse aos exames teóricos ou prácticos achegarán a seguinte documentación dentro do período de matrícula:

a) Solicitud dirixida ao centro oficial de ensino pesqueiro onde queira realizar o exame. O modelo de solicitud é o que figura no anexo I desta resolución (código de procedemento PE616C).

b) Acreditar o pagamento das taxas. O pagamento da taxa debe realizarse dentro do período de matrícula e no caso de que as persoas interesadas non realicen o pagamento da taxa antes da data da fin da matrícula, non poderán presentarse aos exames. O código da taxa é o seguinte: 30.21.01.

Segundo o establecido na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia (BOE núm. 12, do 14 de xaneiro de 2014) e na Lei 6/2019, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020 (DOG núm. 246, do 27 de decembro de 2019), as taxas polos dereitos de exame das distintas titulacións de lecer son as seguintes:

b.1. Exames teóricos:

– Patrón/patroa para navegación básica: 31,29 €.



- Patrón/patroa de embarcacións de lecer: 40,28 €.
- Patrón/patroa de iate: 56,44 €.
- Capitán/capitá de iate: 68,48 €.
- Patrón/patroa de moto náutica «A» ou «B»: 30,39 €.

b.2. Exames prácticos:

- Patrón/patroa para navegación básica: 78,20 €.
- Patrón/patroa de embarcacións de lecer: 78,20 €.
- Patrón/patroa de iate: 117,31 €.
- Capitán/capitá de iate: 117,31 €.
- Patrón/patroa de moto náutica «A» ou «B»: 88,06 €.

O pagamento pode facelo por vía telemática ou presencial e deberá realizalo dentro dos prazos establecidos para a matrícula. O enderezo web é o seguinte:

https://ovt.atriga.gal/#!/detalle_servizo/Pago+de+taxas+e+prezos/11609730/4126995/11609860//item-dark-blue

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Unha vez finalizado o prazo de matrícula de cada convocatoria que aparece indicado no anexo II, farase pública a listaxe provisional das persoas admitidas e excluídas no portal web de formación da Consellería do Mar <http://mar.xunta.gal/gl/o-mar/investigacion-e-formacion/formacion/informacion-do-alumnado> e nos taboleiros de anuncios de cada centro oficial de ensino pesqueiro, dando un prazo de 10 días hábiles para que as persoas excluídas poidan



emendar as deficiencias, de acordo co disposto no artigo 68.1 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común e das administracións públicas.

5. Documentación complementaria necesaria para presentarse aos exames teóricos e prácticos.

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Xustificante de aboamento das taxas. Código: 30.21.01.
- b) Consentimento dos seus pais, nais ou titores/as legais para os menores de idade que teñan cumpridos os 16 anos, no momento de realización das probas para obter o título de patrón/patroa para navegación básica.
- c) Copia do título de patrón/patroa para navegación básica, se foi expedido fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, para poder presentarse ao exame teórico específico para a obtención do título de patrón/patroa de embarcacións de lecer e complementario do xa superado para obter o título de patrón/patroa para navegación básica. Deberán achegar copia do título antes de finalizar o prazo de matrícula.
- d) Copia do título de patrón/patroa de embarcacións de lecer, se foi expedido fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, para as persoas que se presenten ao exame de patrón/patroa de iate. Deberán achegar copia do título antes de finalizar o prazo de matrícula.
- e) Copia do título de patrón/patroa de iate, se foi expedido fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, para as persoas que se presenten a exame de capitán/capitá de iate. Deberán achegar copia do título antes de finalizar o prazo de matrícula.

Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á persoa interesada a súa presentación, ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.



Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

6. Comprobación de datos.

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante ou representante.
- b) NIF da entidade representante.
- c) Título de patrón/patroa para navegación básica cando sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- d) Título de patrón/patroa de embarcacións de lecer cando sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- e) Título de patrón/patroa de iate cando sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- f) Certificado de exame de patrón/patroa para navegación básica cando sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- g) Certificado de exame de patrón/patroa de iate cando sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- h) Certificado de exame de capitán/capitá de iate cando sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

CVE-DOG: 18zcytv1-xws9-naw5-ifk9-34gx0a1pip5



Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

7. Trámites administrativos posteriores á presentación das solicitudes.

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Opcionalmente, tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

8. Notificacións para actos de trámite individualizados que poidan xurdir no procedemento.

As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida, nin produza efectos no procedemento, unha opción diferente.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.



Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico practicarán a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

9. Datas e lugares de exame.

As datas dos exames teóricos e prácticos, así como os lugares onde se realizarán aparecen indicados no anexo II.

As persoas que non se presenten aos exames non terán dereito a cambios de matrícula nin a devolución das taxas.

10. Tribunais.

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, unha vez publicada a listaxe definitiva de aspirantes aos exames nas distintas titulacións, nomeará os tribunais para a realización das probas, e indicará as horas dos exames no taboleiro de anuncios do centro de ensino e no portal web de formación da Consellería do Mar.

11. Desenvolvemento das probas.

Rematados os exames teóricos, o/a secretario/a do tribunal publicará no taboleiro de anuncios do centro de ensino e no portal web de formación da Consellería do Mar unha copia do exame e a folla coas respostas correctas, co fin de que os/as interesados/as poidan comprobar o resultado do seu exercicio.

Realizadas as probas de seguridade e navegación do exame práctico, o/a presidente/a do tribunal comunicará ás persoas interesadas o resultado destas coa cualificación de apto/a ou non apto/a.

Unha vez corrixidos os exames teóricos, o tribunal fará públicas no taboleiro de anuncios do centro de ensino as listas provisionais das cualificacións, así como no portal web de formación da Consellería do Mar. Tamén publicarán nos mesmos sitios os resultados das probas prácticas de seguridade e navegación.

As persoas interesadas disporán dun prazo de 10 días hábiles desde a publicación no portal web de formación da Consellería do Mar para formular reclamacións ante o tribunal contra as cualificacións provisionais.

Unha vez resoltas as reclamacións presentadas, o/a presidente/a do tribunal ditará unha resolución coa lista das persoas que superaron as probas teóricas e outra coas persoas



que superaron as probas prácticas de seguridade e navegación. Estas resolucións serán publicadas no taboleiro de anuncios do centro e no portal web de formación da Consellería do Mar. Non obstante, para os actos de trámite individualizados que poidan xurdir no procedemento, haberá que aterse ao disposto no artigo seguinte.

12. Requisitos para a obtención dos títulos.

Para obter o título de lecer correspondente, ademais de superar estas probas os/as interesados/as deberán reunir os requisitos establecidos no Real decreto 875/2014, do 10 de outubro, polo que se regulan as titulacións náuticas para o goberno das embarcacións de lecer.

13. Temarios de exame.

Os temarios oficiais de exame para as titulacións de capitán/capitá de iate, patrón/patroa de iate, patrón/patroa de embarcacións de lecer, patrón/patroa para navegación básica, son os recollidos no anexo II do Real decreto 875/2014, do 10 de outubro.

De conformidade co establecido no anexo II do Real decreto 875/2014, do 10 de outubro, a normativa IALA na que se basearán os exames para a obtención do título de patrón/patroa para a navegación básica e de patrón/patroa de embarcación de lecer, será o Sistema de Balizamento Marítimo (IALA - MBS 2010). Na páxina web de Portos do Estado poderase descargar a documentación.

Os temarios correspondentes para obter a titulación de patrón/patroa de motonáutica A e B están recollidos no anexo I e II do Real decreto 259/2002, do 8 de marzo.

14. Criterios de corrección.

Os criterios de corrección dos exames de cada titulación aparecen indicados no Real decreto 875/2014, do 10 de outubro e no Real decreto 238/2019, do 5 de abril, polo que se establecen habilitacións anexas ás titulacións náuticas para o goberno das embarcacións de lecer e actualízanse as medidas de seguridade na utilización de motos náuticas.

15. Recursos.

Contra as resolucións do/a presidente/a do tribunal, os/as interesados/as poderán interpor recurso de alzada perante a conselleira do Mar, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación da listaxe das notas definitivas no portal web de formación da Consellería do Mar.



Contra a resolución desta convocatoria poderán os/as interesados/as interpor recurso de alzada perante a conselleira do Mar, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición adicional. *Información básica sobre protección de datos persoais*

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería do Mar, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2020

Susana Rodríguez Carballo
Directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

CVE-DOG: 18zcytv1-xws9-naw5-ifk9-34gx0a1pip5




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MAR

ANEXO I

PROCEDEMENTO INSCRIPCIÓN NOS EXAMES TEÓRICOS E PRÁCTICOS PARA A OBTENCIÓN DOS TÍTULOS QUE HABILITAN PARA O GOBERNO DAS EMBARCAÇÕES DE LECER	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PE616C	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA		
PARROQUIA		LUGAR					
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN							
Notifíquese a: ☐ Persoa solicitante ☐ Persoa ou entidade representante							
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:							
TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO					
ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente.							
☐ Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.							
☐ Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).							
As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén á disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido de forma voluntaria.							
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA		
PARROQUIA		LUGAR					
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				

DATOS RELATIVOS AO EXAME	
1. Desexa participar no exame para a obtención do título de:	☐ Patrón/patroia de embarcacións de lecer ☐ Patrón/patroia de embarcacións de lecer (parte complementaria) ☐ Patrón/patroia para navegación básica ☐ Patrón/patroia de motonáutica A ☐ Patrón/patroia de motonáutica B
☐ Capitán/capitá de iate ☐ Capitán/capitá de iate: módulo xenérico ☐ Capitán/capitá de iate: módulo de navegación ☐ Patrón/patroia de iate ☐ Patrón/patroia de iate: módulo xenérico ☐ Patrón/patroia de iate: módulo de navegación	
2. Desexa participar no exame que se vai realizar no seguinte centro de ensino:	
☐ Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo ☐ Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira ☐ Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol	





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

ANEXO I
(continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

☐ Xustificante do aboamento das taxas. Código: 30.21.01			
☐ Consentimento dos seus pais, nais ou titores/as legais para os menores de idade que teñan cumpridos os 16 anos de idade no momento da realización das probas para obter o título de patrón/patroa para navegación básica			
☐ Copia do título de patrón/patroa para navegación básica, se foi expedido fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, para poder presentarse ao exame teórico para a obtención do título de patrón/patroa de embarcacións de lecer e complementario do xa superado para obter o título de patrón/patroa para navegación básica	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Copia do título de patrón/patroa de embarcacións de lecer, se foi expedido fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, para as persoas que se presenten ao exame de patrón/patroa de iate			
☐ Copia do título de patrón/patroa de iate, se foi expedido fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, para as persoas que se presenten ao exame de capitán/capitá de iate			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓNAME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	☐
DNI/NIE da persoa representante	☐
NIF da entidade solicitante	☐
Título de patrón/patroa para navegación básica cando sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia	☐
Título de patrón/patroa de embarcacións de lecer cando sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia	☐
Título de patrón/patroa de iate cando sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia	☐
Certificado de exame de patrón/patroa para navegación básica cando sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia	☐
Certificado de exame de patrón/patroa de iate cando sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia	☐
Certificado de exame de capitán/capitá de iate cando sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia	☐

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais
Actualización normativa: no caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán, en todo caso, aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.	





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

ANEXO I
(continuación)

LEXISLACIÓN APLICABLE

Real decreto 875/2014, do 10 de outubro, polo que se regulan as titulacións náuticas para o goberno das embarcacións de lecer.

Real decreto 238/2019, do 5 de abril, polo que se establecen habilitacións anexas ás titulacións náuticas para o goberno das embarcacións de lecer e actualízanse as medidas de seguridade na utilización de motos náuticas.

Orde do 8 de xaneiro de 2009 pola que se establecen as condicións que regulan os requisitos para a obtención dos títulos que habilitan para o goberno das embarcacións de lecer na Comunidade Autónoma de Galicia.

Resolución do 3 de febreiro de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se convocan exames ordinarios teóricos e prácticos para a obtención das titulacións que habilitan para o goberno das embarcacións de lecer e motos náuticas na Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento PE616C).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de

 galicia

 Xacobeo 2021

Tribunal de exames de
titulacións de lecer de:

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: 18zcytv1-xws9-naw5-ifk9-34gx0a1pip15



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

ANEXO II

Convocatoria de maio de 2020.

Matrícula: do 23 de marzo ata o 3 de abril de 2020, ambos inclusive.

Titulacións	Exame teórico	Exame práctico	Centros de ensino onde se realizarán os exames teóricos e prácticos
Patrón/Patroa para Navegación Básica	11 de maio	15 de maio	Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo avda. Beiramar, 55, 36202 Vigo. Teléf. 886 11 08 25/886 11 08 26 Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol (r/ 19 de Febreiro, 30-34, 15405 Ferrol. Teléf. 881 93 82 12/881 93 82 13) Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira (r/ dos Estudantes, 7, 15960 Ribeira. Teléf. 881 86 63 17/881 86 63 24)
Patrón/Patroa de Embarcacións de Lecer	12 de maio	15 de maio	Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira
Patrón/Patroa de late	13 de maio	15 de maio	Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira
Capitán/Capitá de late	14 de maio	15 de maio	Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo
Patrón/Patroa de Moto Náutica «A» ou «B»	15 de maio	15 de maio	Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo

Convocatoria de setembro de 2020.

Matrícula: do 20 de xullo ao 31 de xullo de 2020 ambos inclusive.

Titulacións	Exame teórico	Exame práctico	Centros de ensino onde se realizarán os exames teóricos e prácticos
Patrón/Patroa para Navegación Básica	7 de setembro	11 de setembro	Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo avda. Beiramar, 55, 36202 Vigo. Teléf. 886 11 08 25/886 11 08 26 Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol (r/ 19 de Febreiro, 30-34, 15405 Ferrol. Teléf. 881 93 82 12/881 93 82 13) Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira (r/ dos Estudantes, 7, 15960 Ribeira. Teléf. 881 86 63 17/881 86 63 24)
Patrón/Patroa de Embarcacións de Lecer	8 de setembro	11 de setembro	Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira
Patrón/Patroa de late	9 de setembro	11 de setembro	Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira
Capitán/Capitá de late	10 de setembro	11 de setembro	Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo

